

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Interpretación idioma 2: Portugués-Español				
Materia	Interpretación idioma 2: Portugués-Español			
Código	V01G230V01916			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua de impartición	Castelán Portugués			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Montero Domínguez, Xoán Manuel			
Profesorado	Montero Domínguez, Xoán Manuel			
Correo-e	xoanmontero@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	O obxectivo desta materia é que o estudante perfeccione a súa competencia interpretativa no marco da interpretación simultánea e que desenvolva as técnicas de tradución á vista como actividade profesional e como aprendizaxe da coordinación de esforzos cognitivos. O que se procurará con esta materia é que o alumno sexa capaz ao final da súa carreira formativa de interpretar de forma simultánea un discurso do portugués ao castelán.			

Competencias	
Código	
C1	Dominio de linguas estranxeiras
C2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
C6	Utlización de ferramentas informáticas e instrumentos técnicos para a interpretación
C9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais
C13	Optimización de toma de notas, elaboración de resumos, síntese e reexpresión
C17	Capacidade de tomar decisións
D4	Resolución de problemas
D7	Toma de decisións
D13	Traballo nun contexto internacional
D23	Capacidade de traballo individual

Resultados de aprendizaxe		
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Profundizar nos conceptos teóricos sobre os principios da interpretación.	C1 C2 C6 C9 C13 C17	D23
Perfeccionar as técnicas de interpretación simultánea.	C1 C9 C17	D4 D7 D13 D23
Desenvolver as destrezas de lectura, comprensión, análise e produción oral nas linguas traballadas: Portugués-castelán.	C1 C2 C13	D7 D23

Contidos
Tema

1.- Marco teórico.	1.1. Particularidades da comunicación oral con relación á escrita. Superación do estrés e nerviosismo. A voz. Os rexistros. 1.2. Modelos e fases de procesamento da información para a interpretación simultánea. 1.3. Especificidades da interpretación na combinación lingüística portugués-español. 1.4. Características do mercado laboral.
2.- Prácticas de interpretación en laboratorio	2.1. Exercicios de análise e síntese de discursos orais. 2.2. Exercicios de memorización. 2.3. Exercicios de reactivación léxica e semántica. 2.4. Exercicios de reformulación. 2.5. Exercicios de aplicación de estratexias comunicativas e interpretativas. 2.5. Exercicios de interpretación simultánea de discursos orais (pt>es).

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	1	2
Lección maxistral	9	13	22
Prácticas de laboratorio	26	52	78
Debate	6	22	28
Estudo de casos	4	14	18
Práctica de laboratorio	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Neste apartado presentarase a materia e a súa programación. Explicaranse os contidos, a metodoloxía, o funcionamento das cabinas e o sistema de avaliación.
Lección maxistral	Ao fío dos traballos prácticos, trataranse na aula diferentes cuestións relacionadas co desempeño profesional da interpretación, as modalidades da actividade e as técnicas de interpretación máis estendidas nas distintas situación comunicativas.
Prácticas de laboratorio	Trátase do traballo principal que se desenvolve nos laboratorios habilitados para a práctica da interpretación. Realizaranse actividades relacionadas coas principais estratexias para a interpretación simultánea na combinación pt>es, xunto con exercicios prácticos de interpretación simultánea en diferentes áreas temáticas. Para alén dos traballos realizados nas aulas, o docente orientará os estudantes sobre os traballos prácticos de interpretación simultánea que deberán levar a cabo por conta propia. A finalidade é que o alumnado consiga realizar satisfactoriamente unha interpretación simultánea na combinación pt>es.
Debate	O docente e os alumnos sentaranse para discutir, a modo de terapia, as diferentes dificultades que aparezan durante a realización dos exercicios prácticos. O obxectivo é que a posta en común contribúa a resolver os distintos problemas de interpretación que vaian xurdindo ao longo do curso.
Estudo de casos	Coa axuda de materiais audiovisuais e textuais, presentarase e intentará resolverse diferentes dificultades que o intérprete tería que enfrontar durante un traballo de interpretación.

Atención personalizada

Metodoloxías	**Descrición**
Prácticas de laboratorio	As dúbidas puntuais atenderanse nos horarios de titoría.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Prácticas de laboratorio	Terase en conta só para os estudantes que se acolleren á avaliación continua. Valorarase a participación na resolución de problemas derivados da práctica da IS e da tradución á vista.	30	C1 C2 C6 C9 C13 C17	D4 D7 D13 D23

Práctica de laboratorio	Realización dunha proba de interpretación simultánea pt>es. Para cualificar esta proba valoraranse os seguintes elementos: 1. Técnica: capacidade de escoita activa e análise; toma de decisións a respecto da información principal necesaria (estratexia mínima, principio de simplificación); estruturación (ordenar os bloques coherentemente e uso de nexos); resolución de problemas. 2. Contidos: corrección e adecuación dos contidos. 3. Produción: rexistro, fluidez, prosodia, seguridade, ritmo/compás, articulación. 4. Expresión: corrección lingüística e adecuación léxica.	70	C1 C2 C6 C9 C13 C17	D4 D7 D13 D23

Outros comentarios sobre a Avaliación

Os estudantes serán avaliados a través dunha proba consistente na interpretación simultánea dun discurso na combinación PT>ES.

Os criterios de avaliación serán os descritos no apartado anterior.

ALUMNADO DE AVALIACIÓN CONTINUA:

A proba terá lugar na última semana do calendario lectivo.

A porcentaxe da nota do exame é do 70% para os estudantes que se acolleren a este sistema de avaliación.

Será imprescindíbel obter unha puntuación mínima de 5 sobre 10 na proba de interpretación simultánea para aprobar a materia no seu conxunto, ao que se sumará a puntuación acadada nos outros apartados.

Será necesario aprobar todas as partes da materia para facer a media na avaliación continua.

ALUMNADO DE AVALIACIÓN ÚNICA:

A proba terá lugar no día indicado no calendario de exames aprobado no decanato.

A porcentaxe da nota do exame é do 100% para os estudantes que se acolleren a este sistema de avaliación.

EXAME DE XULLO

O exame da convocatoria extraordinaria de xullo celebrarase o día marcado no calendario oficial. Empregaranse os mesmos criterios de avaliación que se aplican á proba realizada na convocatoria ordinaria. Non se terá en conta o correspondente á avaliación continua e a cualificación de xullo corresponderá unicamente ao resultado do exame realizado nesta convocatoria.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

MONTERO DOMÍNGUEZ, X., **Didáctica de la interpretación Portugués-Español**, DIAZ FOUCES, O. (Ed.) Olhares & Miradas. Reflexiones sobre la traducción portugués-español y su, Comares, 2012

MONTERO DOMÍNGUEZ, X., **Interferencias do galego na interpretación simultánea español-portugués**, Interferencias do galego na interpretación simultánea español-portugués, Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, 2012

VIDAL FIGUEROA, T., **Presuntos falsos amigos entre portugués e galego I**, Viceversa, Revista galega de traducción, 1,, Servicio de Publicacións da Universidade de Vigo, 1995

VIDAL FIGUEROA, T., **Presuntos falsos amigos entre portugués e galego II**, Viceversa, Revista galega de traducción, 3, Servicio de Publicacións da Universidade de Vigo, 1997

VIDAL FIGUEROA, T., **Presuntos falsos amigos entre portugués e galego III**, Viceversa, Revista galega de traducción, 6, Servicio de Publicacións da Universidade de Vigo, 2001

Bibliografía Complementaria

GILE, D., **Regards sur la recherche en interprétation de conférence**, Presses Universitaires de Lille, 1995

CURRAIS ARCAY, J., **Aproximación ao mercado da interpretación de conferencias en Galicia**, ALONSO BACIGALUPE, L. [Ed.] Inserción profesional d@s estudantes de tradución e interpretación, Comares, 2010

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Tradución idioma 2, I: Portugués-Español/V01G230V01416
Tradución especializada idioma 2: Científica-técnica: Portugués-Español/V01G230V01954
Tradución especializada idioma 2: Servizos culturais: Portugués-Español/V01G230V01938

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma moderno: Idioma 2, I: Portugués/V01G230V01108
Idioma moderno: Idioma 2, II: Portugués/V01G230V01208
Idioma 2, III: Portugués/V01G230V01308
Idioma 2, IV: Portugués/V01G230V01408
Tradución idioma 2, I: Portugués-Español/V01G230V01416